



CLUB NATACIÓN FERROL – ELINCO

R/ Emilia Pardo Bazán nº 46, baixo
15406 (Ferrol)

Tel./Fax.: 981 32 47 12

Correo: info@natacionferrol.com

Páx. Web: www.natacionferrol.com



1ª xornada liga infantil

Moi boa actuación dos nosos nadadores infantís na liga disputada na piscina do complexo deportivo Javier Gómez Noya.

A proba inaugural foi 100 estilos dominada por Jose Martínez cunha nova marca mínima para o campionato galego de 1:09.60. na 5ª praza chegou Alejandro García con 1:16.15 e na 7ª praza Adrián Fernández con 1:16.50. Santiago Conde ocupou a 11ª praza con 1:21.15 e Rubén Mera a 14ª con 1:33.82.

No equipo feminino Irene Sáenz chegou en 5º lugar con 1:21.46. Palua Cernadas foi 7ª con 1:22.26. Carmen Bustabad 11ª con 1:27.79. Mariña Veiga chegou no posto 17 con 1:38.88 seguida de Laura López con 1:39.27.

Na proba de 1500 libre masculino dominio total dos nosos mozos ocupando as 6 primeiras prazas. 1º entrou Antonio Castro con 18:27.84, seguido de Guillermo Conde con 18:54.46 e na terceira praza Alexandre Castro con 19:08.63, estes tres nadadores conseguindo a mínima para o galego. Na cuarta praza chegou Héctor Pérez con 19:34.72 seguido de Daniel Martínez con 20:07.03 e de Brandán Mier con 21:42.34.

Nos 400 libre feminino gran actuación de Nerea López que con 4:45.97 conseguía a mínima para o campionato de España, seguida de Laura Santalla con 4:49.65. Paula Febril foi 4ª con 5:05.78 seguida de Paula Cernadas con 5:19.05. no posto 12 Carmen Bustabad con 5:40.87.

Nos 100 costas masculinos gañou Héctor Pérez con 1:11.59. Guillermo Conde chegou segundo con 1:13.24. Adrián Fernández 4º con 1:16.89 e Antonio Castro 6º con 1:19.10.

En mozas de novo vitoria para Nerea López con 1:14.98 e 7º posto para Laura López con 1:38.52.

En 100 braza masculino 3º posto para Alexandre Castro con 1:22.88 seguido de Santiago Conde con 1:23.38, Jose Martínez con 1:24.85 e Brandán Mier con 1:25.82 e mínima para o campionato galego. No 8º posto Daniel Pérez con 1:27.30. na 10ª praza Alejandro García con 1:29.62 e de 13 Rubén Mera con 1:42.85.

En mozas gran marca e vitoria para Laura Santalla con 1:21.38 a tres décimas da mínima do campionato de España. Irene Saénz segunda con 1:30.12 seguida de Paula Nebril con 1:31.52 e mínima para o galego. Na 5ª praza chegou Candea Rivera con 1:41.30 e Mariña Veiga foi 8ª con 1:46.00.

Resultados esperanzadores nesta primeira xornada de liga infantil para os nosos mozos e mozas. Obtendo a vitoria en 6 das 8 probas disputadas e con 5 novas mínimas para o campionato galego infantil e 1 mínima para o campionato de España infantil.

Parabéns a todos/as!!



Xan X. Suárez Vilela
Adestrador Club Natación Ferrol - Elinco